

Infografía sobre as enfermidades

Como parte do noso estudo do corpo humano, tedes que crear unha infografía sobre unha enfermidade específica utilizando ferramentas dixitais.

Obxectivos da actividade:

1. Investigar e comprender unha enfermidade específica, incluíndo as súas causas, síntomas, porcentaxe na poboación e tratamentos dispoñibles.
2. Desenvolver habilidades de investigación e análise de información relevante sobre o tema da saúde.
3. Utilizar ferramentas dixitais como Canva ou Genially para crear unha infografía visualmente atractiva e informativa.
4. Practicar a habilidade de comunicación oral ao presentar a infografía aos compañeiros, compartindo o coñecemento adquirido e facilitando o diálogo e intercambio de ideas.
5. Fomentar a colaboración e o traballo en equipo ao compartir coñecementos e recursos entre os alumnos.

A vosa infografía debe incluír os seguintes contidos:

- **Causas:** que provoca esta enfermidade? Investigade as causas subxacentes e os factores de risco asociados.
- **Síntomas:** como se manifesta a enfermidade no corpo humano? Describide os síntomas comúns que experimentan os pacientes.
- **Porcentaxe na poboación:** que tan extendida está esta enfermidade na poboación? Proporcionade estatísticas ou porcentaxes relevantes.
- **Tratamento:** como se trata esta enfermidade? Investigade os diferentes enfoques médicos utilizados para manexar e tratar a enfermidade.

Ademais, tedes que engadir **imaxes** relevantes para ilustrar algún aspecto da vosa infografía. As imaxes poden axudar a visualizar os síntomas, os órganos afectados ou os tratamentos dispoñibles, entre outros aspectos.

Lembrede que esta é unha oportunidade para investigar e aprender máis sobre unha enfermidade específica. Ademais dos elementos mencionados, tamén podedes buscar información sobre a prevención, as investigacións en curso, o impacto na calidade de vida e calquera outro detalle relevante que enriqueza a vosa infografía.

Para hacer a infografía puedes usar alguna das seguintes aplicacións:

[Canva](#) ou [Genial.ly](#)

No seguinte enlace explícanche [como facer unha infografía](#) nun vídeo de youtube.

Aquí tes unha web onde tamén che explican [como facer unha infografía](#).



A infografía ten que cumprir os requisitos da seguinte rúbrica:

	Excelente (4)	Ben (3)	Regular (2)	Mellorable (1)
Patrón organizativo 10%	Están presentes todos os elementos propios dunha infografía (título, corpo, fontes e créditos), existe un equilibrio perfecto entre o texto e a imaxe.	Están presentes todos os elementos propios dunha infografía (título, corpo, fontes e créditos), a información visual e textual están bastante ben equilibradas.	Falta algún dos elementos característicos dunha infografía (título, corpo, fontes ou créditos) e/ou non existe un bo equilibrio entre a información visual e textual.	So presenta un ou dous dos elementos propios dunha infografía (título, corpo, fontes ou créditos) e/ou a información visual e textual non está equilibrada.
Deseño 10%	A información está distribuída dun xeito visualmente moi atractivo, a combinación de cores é moi armónica e a tipografía empregada é lexible e moi apropiada.	A información está distribuída dun xeito visualmente bastante atractivo, a combinación de cores é axeitada e a tipografía empregada é lexible e apropiada.	A información está distribuída dun xeito visualmente pouco atractivo, as cores non se combinan dun xeito demasiado armónico e/ou a tipografía non é a máis apropiada.	A información está distribuída dun xeito visualmente nada atractivo, as cores non se combinan de maneira armónica e/ou a tipografía empregada é inapropiada e pouco lexible.
Contidos 60%	Na infografía aparecen recollidos con moita claridade todos e cada un dos requisitos requiridos. O coñecemento do tema é excelente.	Na infografía aparecen recollidas con bastante claridade todos ou a maior parte dos requisitos requiridos. O contido é bastante bo.	Na infografía non aparecen recollidas todos os requisitos. Inclúe a información básica sobre o tema, pero ten algún erro.	Na infografía non se reflexan a maior parte dos requisitos requiridos. O contido é mínimo e presenta varios erros.
Elementos visuais 10%	Todas as imaxes empregadas poseen unhas dimensións perfectas e apoian con total claridade a mensaxe que se quere transmitir.	Todas as imaxes empregadas poseen unhas dimensións axeitadas e apoian con claridade a mensaxe que se quere transmitir.	Algunha das imaxes non posee as dimensións axeitadas e/ou non apoian de xeito claro a mensaxe que se quere transmitir.	A maior parte das imaxes non poseen unhas dimensións axeitadas e non se adecúan á mensaxe que se quere transmitir.
Corrección lingüística 10%	Non se aprecian erros ortográficos, morfosintácticos nin de puntuación.	Aparecen un ou dous erros ortográficos, morfosintácticos ou de puntuación.	Aparecen tres ou catro erros ortográficos, morfosintácticos ou de puntuación.	Aparecen cinco ou máis erros ortográficos, morfosintácticos ou de puntuación.

Criterios para a avaliación da exposición oral

	Excelente (4)	Ben (3)	Regular (2)	Mellorable (1)
Claridade, fluidez e bo uso das palabras	O discurso é claro, fluído e coherente, con un uso preciso e adecuado do vocabulario.	O discurso é maiormente claro e fluído, con algunhas pequenas pausas ou titubeos.	O discurso ten certa claridade e fluidez, pero pode haber dificultades co vocabulario.	O discurso carece de claridade e fluidez, e o vocabulario utilizado é inadecuado ou confuso.
Demuestra dominio do tema	O alumno mostra un profundo dominio do tema, ofrecendo información detallada e precisa.	O alumno mostra un bo dominio do tema, con algunhas lagunas ou imprecisións menores.	O alumno mostra un coñecemento básico do tema, con importantes lagunas ou imprecisións.	O alumno mostra un coñecemento insuficiente do tema, con información errónea ou irrelevante.
Utiliza unha terminoloxía axeitada	O alumno utiliza unha terminoloxía axeitada e precisa, adecuada ao tema e ao público.	O alumno utiliza en maior medida unha terminoloxía axeitada, pero pode haber algunhas imprecisións ou erros.	O alumno utiliza unha terminoloxía axeitada en xeral, pero con algúns erros ou inexactitudes.	O alumno utiliza unha terminoloxía inadecuada ou incorrecta, dificultando a comprensión.
Ton de voz axeitado	O alumno utiliza un ton de voz adecuado, variando a entoación e o volume de maneira efectiva.	O alumno utiliza en maior medida un ton de voz adecuado, aínda que pode haber algunhas inconsistencias.	O alumno utiliza un ton de voz axeitado en xeral, pero con algúns momentos de monotonía ou excesiva variación.	O alumno utiliza un ton de voz inadecuado ou pouco profesional, dificultando a comprensión ou o interese da audiencia.
Seguridade e confianza en si mesmo	O alumno transmite seguridade e confianza en si mesmo, mantendo unha postura firme e segura.	O alumno mostra en maior medida seguridade e confianza, aínda que pode haber algún sinal de nerviosismo ou inseguridade.	O alumno mostra certa seguridade e confianza, pero con signos evidentes de nerviosismo ou inseguridade.	O alumno mostra pouca ou ningunha seguridade ou confianza, mostrando sinais claros de nerviosismo ou inseguridade.
Mantén a atención dos compañeiros	O alumno mantén a atención dos compañeiros, involucrando á audiencia e fomentando a participación.	O alumno mantén en maior medida a atención dos compañeiros, pero pode haber algunhas distraccións ou falta de interese.	O alumno mantén certa atención dos compañeiros, aínda que pode haber momentos de distracción ou desinterese.	O alumno non logra manter a atención dos compañeiros, con distraccións frecuentes ou falta de interese evidente.
Utilización de imaxes da presentación	O alumno utiliza as imaxes da presentación de maneira efectiva para reforzar e ilustrar os puntos clave, explicando o seu significado e relevancia.	O alumno utiliza en maior medida as imaxes da presentación para reforzar e ilustrar os puntos clave, aínda que pode haber algunhas ocasións nas que non se expliquen adecuadamente.	O alumno utiliza as imaxes da presentación de maneira limitada ou pouco efectiva, non proporcionando explicacións claras ou relevantes.	O alumno non utiliza de forma efectiva as imaxes da presentación ou non as incorpora ao discurso de maneira adecuada, non proporcionando explicacións ou comentarios sobre o seu contido.
Optimización do tempo	O alumno optimiza o tempo de maneira efectiva, axustando a súa presentación ao tempo asignado.	O alumno en maior medida optimiza o tempo, aínda que pode haber algunhas partes da presentación que se prolonguen en exceso ou se apresuren.	O alumno fai un esforzo por optimizar o tempo, pero pode haber partes da presentación que se prolonguen en exceso ou se apresuren significativamente.	O alumno non logra optimizar o tempo de maneira efectiva, con partes da presentación que se prolongan en exceso ou se apresuran, dificultando a comprensión ou a conexión co público.

Nota do traballo

En total terás unha nota sobre **10 puntos** repartidos da seguinte forma:

- 6 puntos son da infografía.
- 4 puntos son da exposición oral.

Para obter a máxima nota vou a ter en conta o seguinte:

- Que estés atento aos outros traballos dos teus compañeiros.
- Que fagas preguntas coherentes nos traballos dos teus compañeiros.

Este traballo conta un 10% da nota da avaliación.